REVISIÓN DO REGULAMENTO DA
PLATAFORMA TECNOLÓXICA FORESTAL DE GALICIA DEVESA
(26/09/2011)

- Páx. 6: "As anteriores entidades que desexen ser membros ordinarios, deberán achegar á Secretaría Técnica da plataforma unha expresión de interese cumplimentada por escrito. Nesta constarán os datos descritivos do organismo ou empresa interesada e dos representantes da mesma, así como a indicación dun suplente en caso de ausencia do titular. Cada empresa ou institución participante poderá inscribir un representante na Asemblea con dereito a voto e cada grupo de investigación participante poderá inscribirse na Asemblea con dereito a voto sempre que o faga en representación dunha Facultade, Departamento ou Instituto. **Os membros pertencentes ao Comité Executivo ou Líderes de Grupos de Traballo privados contarán co dereito a un voto adicional**. A expresión de interese deberase acompañar cos datos requeridos no modelo de cuestionario deseñado ao efecto xunto co logotipo da empresa en formato vectorial.

  Modificación proposta: ***Eliminar a frase "Os membros pertencentes ao Comité Executivo ou Líderes de Grupos de Traballo privados contarán co dereito a un voto adicional".***

- Páx. 8: No seo da Asemblea Xeral adoptaranse acordos ordinariamente polo voto favorable da maioría simple dos membros presentes ou representados con dereito a voto. Para iso, os membros que desexen ser representados por outros formalizarán por escrito a súa petición á Secretaría do Comité Executivo, polo menos dous días antes da celebración da Asemblea. **Os membros do Comité Executivo e os Líderes dos Proxectos xestionados ao abeiro dun grupo de traballo da plataforma terán un voto adicional na Asemblea Xeral.**

  Modificación proposta: ***Eliminar a frase "Os membros do Comité Executivo e os Líderes dos Proxectos xestionados ao abeiro dun grupo de traballo da plataforma terán un voto adicional na Asemblea Xeral".***

- Páx. 10: "Cada empresa ou institución participante só poderá ter un representante no Comité Executivo. Este Comité terá carácter rotativo na súa composición. Os seus membros ejercerán como tais por un periodo de ***1 ano***, podendo ser reelexidos por periodos de igual duración. A elección dos seus membros acordase en Asamblea Xeral pola Plataforma por maioría absoluta de asistentes. **En caso de empate recaerá no Presidente da Plataforma o voto de calidade."**

*Modificación proposta: **2 anos**, (prazo que xa figura na páxina 13 do regulamento). **Eliminar a frase "En caso de empate recaerá no Presidente da Plataforma o voto de calidade."***

- Páx. 11: "1 Vicepresidente: A Vicepresidencia ocuparase polo membro da plataforma proposto para ese posto na candidatura elixida e o seu representante titular será o vicepresidente. Deberá cumprir con aquelas funcións que lle sexan asignadas polo Comité Executivo e sustituir ao Presidente nas súas funcións no caso de ausencia deste, tendo, neste caso, as súas mesmas atribucións."

  *Modificación proposta: "**3 Vicepresidentes**: A Vicepresidencia ocuparase polos membro**s** da plataforma propost**os** para ese**s** post**os** na candidatura elixida e o**s** seu**s** representante**s** titulare**s** será**n** o**s** vicepresidente**s**. Deberá**n** cumprir con aquelas funcións que lle**s** sexan asignadas polo Comité Executivo e sustituir ao Presidente nas súas funcións no caso de ausencia deste, tendo, neste caso, as súas mesmas."*

- Páx. 12: "Para a elección dos anteriores membros, presentaranse candidaturas formadas por un Presidente, ***un Vicepresidente e o número de vogais acordado na Asemblea Xeral*.** As candidaturas serán nominais, incluirán suplentes e presentaranse por escrito perante a Secretaría Técnica durante os 15 días seguintes á convocatoria de eleccións polo Comité Executivo."

  Modificación proposta: ***3 vicepresidentes e 6 vogais.***

- Páx. 12: "É elixible como membro do Comité Executivo calquera persoa física cuxa empresa, institución ou grupo de investigación pertenza á Plataforma Tecnolóxica Forestal Galega, DEVESA, sempre e cando sexa diferente da persoa representante desa empresa, institución ou grupo de investigación na Asemblea Xeral"
-

  Modificación proposta: ***Eliminar o parágrafo.***